

# Informe de achegas ao Documento Marco do V Plan Director dos axentes galegos de cooperación

Data do informe: 15 de decembro de 2022

## 1. Metodoloxía

A seguir sinálanse algúns dos aspectos metodolóxicos tidos en conta para o tratamento das achegas ao obxecto de elaborar este informe de achegas.

1. As achegas referidas neste informe son as correspondentes á consulta ás persoas e entidades integrantes da Comisión Dinamizadora do V Plan Director así como ás entidades inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación. En total analízanse 41 achegas de 14 entidades e unha persoa experta integrada na Comisión Dinamizadora.
2. A información sobre a achega e sobre a decisión adoptada, tense estruturado consonte aos seguintes campos:
  - **Ámbito:** localización das achegas segundo o apartado do Documento Marco.
  - **Cód.:** codifícanse as achegas para unha mellor identificación en función do órgano no que se realizaron ou do axente: CD (comisión dinamizadora), AX (axente de cooperación).
  - **Achega:** recóllense todas as achegas e suxestións, concretas e individualizadas. Nos casos onde se realizaron achegas colectivas, analízase de xeito individual.
  - **Decisión:** indícase a decisión tomada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, mediante as seguintes categorías:
    - 2.1. **Estimada:** Tómase en consideración a proposta para incorporala no Documento Marco e borrador do Anteproxecto de V Plan Director da Cooperación Galega.
    - 2.2. **Estimada parcialmente:** tómase en consideración parcialmente para incorporala no Documento Marco e borrador do Anteproxecto de V Plan Director da Cooperación Galega.
    - 2.3. **Contemplada:** a proposta xa estaba recollida no Documento Marco do V Plan Director e borrador do Anteproxecto de V Plan Director da Cooperación Galega.
    - 2.4. **Contemplada parcialmente:** a proposta está recollida no Documento Marco, aínda que non na súa amplitude ou senso exacto e borrador do Anteproxecto de V Plan Director da Cooperación Galega.
    - 2.5. **Desestimada:** non se toma en consideración a achega.
    - 2.6. **Pendente:** a decisión fica pendente en función de procesos posteriores.
3. **Motivación:** xustificación ou explicación da decisión tomada.

## 2. Achegas e decisión

CÓD.	ACHEGA	DECISIÓN	MOTIVACIÓN
<i>Apartado 3: Prioridades transversais</i>			
AX 1	Definir e garantir a infancia e o seu benestar como prioridade da política da Cooperación Galega	<b>Contemplada</b>	A infancia e o seu benestar están incluídos nos colectivos prioritarios do V Plan Director.
<i>Apartado 4: previsibilidade dos recursos orzamentarios</i>			
CD1	Mellorar a redacción do indicador relativo ao marco orzamentario vinculándoo ao programa 331A.	<b>Pendente</b>	A formulación que se presenta no Documento Marco ten un carácter provisional xa que unha redacción alternativa deste indicador está a ser negociada pola DXRREE e UE.
CD2	Inserción dun cadro coa previsión de orzamento e crecemento anual do programa.	<b>Pendente</b>	A formulación que se presenta no Documento Marco ten un carácter provisional xa que unha redacción alternativa deste indicador está a ser negociada pola DXRREE e UE.
AX 2	Inserción de previsión de desembolsos anuais con indicación de % de crecemento anual. Partir dun mínimo de 8,9 millóns previstos para o programa 331A en 2023 deberamos acadar o 0,2% da AOD sobre o orzamento total consolidado ao final do mesmo en relación a este mesmo programa	<b>Pendente</b>	A formulación que se presenta no Documento Marco ten un carácter provisional xa que unha redacción alternativa deste indicador está a ser negociada pola DXRREE e UE.
AX 3	Incrementar de maneira sostida e previsible os fondos da AOD galega, ata alcanzar o 0.7% para 2030, promovendo o seguimento adecuado da porcentaxe de AOD que se destina á infancia	<b>Estimada parcialmente</b>	Incluirase unha mención explícita ao compromiso de acadar o 0,7 % do orzamento consolidado da Xunta de Galicia tal e como se establece na disposición adicional quinta da Lei 10/2021, de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación. O seguimento da AOD destinada á infancia realizarase no informe intermedido e na avaliación final do V Plan Director.
AX 4	Redacción alternativa: El programa 331 <sup>a</sup> de cooperación exterior al desarrollo estará dotado, como mínimo, con un volumen anual de fondos equivalente al aprobado para este programa en la Ley General de Presupuestos de la Comunidad Autónoma de Galicia para 2023, ampliando progresivamente los fondos de manera previsible y sostenible hacia el promedio de la AOD autonómica en relación con el esfuerzo inversor, y manteniendo el compromiso de alcanzar el 0,7% en el horizonte, tal y como viene establecido en la Disposición Adicional Quinta de la Ley	<b>Pendente</b>	A formulación que se presenta no Documento Marco ten un carácter provisional xa que unha redacción alternativa deste indicador está a ser negociada pola DXRREE e UE.

	10/2021, de 9 de marzo, reguladora de la acción exterior y de la cooperación.		
<b>Apartado 5. Prioridades xeográficas da Cooperación Galega</b>			
CD 3	Incorporación como país prioritario: Uganda.	<b>Desestimada</b>	Os países PMA e de IDH baixo recibirán a mesma valoración cós países prioritarios dentro do criterio de favorecer a concentración xeográfica da Cooperación Galega. Integrouse no Documento Marco na redacción do apartado 5 a atención específica aos PMA e aos países con IDH baixo.
CD 4	Reforzar a atención específica aos PMA, IDH baixo e Lusofonía e establecer incentivos positivos para que a Cooperación Galega e os seus axentes teñan máis presenza neles.	<b>Estimada</b>	O V Plan Director dará continuidade á atención específica aos PMA, países con IDH baixo e á Lusofonía. Integrouse no Documento Marco na redacción do apartado 5.
CD 5	Visibilizar á poboación saharauí.	<b>Estimada</b>	Integrouse no Documento Marco unha mención específica á poboación saharauí. Integrouse no Documento Marco na redacción do apartado 5.
AX 5	Engadir a Ucraína como país prioritario.	<b>Estimada parcialmente</b>	Mencionarase explicitamente a atención ás persoas desprazadas e refuxiadas por mor das guerras e conflitos armados como colectivo preferente no eido da acción humanitaria.
AX 6	Inclusión daqueles países nos que, ademais de presentar un IDH menor, a súa poboación infantil enfróntase a unha situación de vulnerabilidade maior debido a conflitos armados, crises crónicas e catástrofes naturais.	<b>Contemplada</b>	A vulnerabilidade da poboación infantil ten sido un criterio para incluír á infancia entre os colectivos prioritarios da Cooperación Galega.
<b>Apartado 6. Ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega</b>			
CD 6	AE 3. Separar o xénero da infancia.	<b>Estimada parcialmente</b>	A redacción do AE 3 foi o resultado das demandas realizadas por diferentes axentes durante o proceso participativo de elaboración do IV Plan Director. Os dereitos da infancia estarán integrados na súa atención como colectivo prioritario.
CD 7	AE 3. Aliñar este ámbito estratéxico cun enfoque feminista da Cooperación Galega.	<b>Estimada</b>	A redacción definitiva do AE 3 formularase cun enfoque feminista.
CD 8	AE 7. Engadir “transformación social positiva”.	<b>Estimada</b>	Integrouse no Documento Marco na redacción do AE 7.

AX 7	Contar coa revisión de expertas nesta cuestión para asegurar que o novo Plan Director incorpora convenientemente este enfoque.	<b>Estimada</b>	Os axentes de cooperación especialistas en xénero e feminismo poderán realizar achegas específicas e supervisar a coherencia do texto do V Plan Director co devandito enfoque.
AX 8	Garantir que ao menos un 20-25 % dos fondos se destinen a cooperación con enfoque feminista.	<b>Desestimada</b>	O V Plan Director oríentase a reducir a preasignación temática dos seus desembolsos xa que se trata dunha cooperación xestionada maioritariamente de xeito indirecto a través dos axentes de cooperación e óptase por xerar sistemas de incentivos en troques de coutar porcentaxes de fondos a nivel de ámbitos estratéxicos ou sectoriais.
AX 9	Deseño dunha estratexia específica de xénero	<b>Estimada</b>	O V Plan Director incluírá a posibilidade de elaborar participativamente estratexias específicas nas prioridades da Cooperación Galega.
AX 10	Tomando como liña de base de partida a adicación do último plan director para procurar chegar a un 20-25% de fondos cara unha cooperación con enfoque ecoloxista.	<b>Desestimada</b>	O V Plan Director oríentase a reducir a preasignación temática dos seus desembolsos xa que se trata dunha cooperación xestionada maioritariamente de xeito indirecto a través dos axentes de cooperación e óptase por xerar sistemas de incentivos en troques de coutar porcentaxes de fondos a nivel de ámbitos estratéxicos ou sectoriais.
AX 11	Avanzar no recoñecemento da “Xustiza Ambiental” mediante: o recoñecemento e fomento do papel das persoas defensoras da natureza e do territorio; reforzando as capacidades dos actores da cooperación galega para abordar intervencións de mitigación e adaptación aos efectos de cambio climático, recuperación de biodiversidade e xestión sostible dos recursos naturais, incorporando na orientación estratéxica da acción humanitaria a especial protección das persoas desprazadas por motivos medioambientais.	<b>Estimada</b>	A proposta de ámbitos estratéxicos do Documento Marco integrará a xustiza ambiental. No eido da Acción Humanitaria prestarase especial atención ás persoas desprazadas por motivos medioambientais. Asemade recóllese as persoas defensoras dos dereitos humanos como colectivo prioritario.
AX 12	Priorizar intervencións para a infancia con perspectiva de xénero e enfoque integral nas seguintes prioridades: pobreza infantil, saúde e educación protección.	<b>Contemplada</b>	A infancia e o seu benestar están incluídos nos colectivos prioritarios do V Plan Director. Especificamente no AE3 inclúese o apoderamento e o exercicio dos dereitos das nenas.
AX 13	Creación dun Comité de Emerxencias cuxo obxectivo sexa coordinar e	<b>Estimada parcialmente</b>	No seo do CONGACODE os axentes de cooperación poderán demandar a

	informar das actuacións das institucións e entidades galegas no eido das emerxencias nos países empobrecidos. Este comité estaría formado pola Xunta, os Concellos Galegos, a través da FEGAMP e o Fondo Galego de Cooperación, así como por representantes da Coordinadora Galega de ONGD con experiencia e capacidades neste eido. Este Comité nos permitiría a reacción coordinada e unificada dos actores galegos fronte as emerxencias		creación de grupos de traballo específicos no que poidan participar axentes externos especializados en Acción Humanitaria.
AX 14	Promover a canalización de fondos da Axuda Humanitaria a través do tecido asociativo galego, para fortalecelo neste senso, e adicar a este fin alomenos o 10% da AOD galega. Ao tempo que se fortalece aos actores locais en aras da eficacia e sustentabilidade da axuda.	<b>Desestimada</b>	A asignación dos fondos en Acción Humanitaria realízase en función da especialización dos axentes e da súa capacidade de resposta ante situacións de emerxencia e crise humanitaria.
AX 15	AX 6. Redacción alternativa: Proteger y salvar vidas, aliviar el sufrimiento y mantener la dignidad humana respondiendo a las crisis humanitarias con eficacia, calidad, y con una perspectiva de reducción de vulnerabilidades y fomento de la resiliencia	<b>Estimada</b>	Modificarase a redacción do Ámbito Estratégico relativo á Acción Humanitaria.
<b>Apartado 8. Colectivos prioritarios da Cooperación Galega</b>			
AX 16	Incorporación do colectivo LGTBI+ e defensores/as de DDHH entre os colectivos prioritarios aos que prestar especial atención.	<b>Estimada</b>	Integraranse estes colectivos entre os colectivos prioritarios da Cooperación Galega.
AX 17	Mencionar as cuestións de xénero e diversidade sexual referida á poboación refuxiada ou desprazada.	<b>Estimada</b>	Mencionaranse estas cuestións na descrición da atención á poboación refuxiada ou desprazada.
AX 18	Recoñecemento das persoas maiores e con demencia.	<b>Contemplada</b>	Xa aparecen mencionados entre os colectivos prioritarios da Cooperación Galega.
AX 19	Garantir que as especificidades de infancia e adolescencia son parte explícita na política de cooperación reflectida no V Plan Director da Cooperación Galega	<b>Contemplada</b>	Os dereitos da infancia e da adolescencia figurarán entre as prioridades estratégicas da Cooperación Galega na atención aos seus colectivos prioritarios.
AX 20	A infancia teña un papel protagonista na folla de roteiro da Cooperación Galega cara a unha contribución máis eficaz no cumprimento dos dereitos de todos os nenos, nenas e adolescentes.	<b>Contemplada</b>	Os dereitos da infancia e da adolescencia figurarán entre as prioridades estratégicas da Cooperación Galega na atención aos seus colectivos prioritarios.
AX 21	Incluír á adolescencia	<b>Estimada</b>	Engadirase á adolescencia canda á infancia e mocidade na descrición dos colectivos prioritarios da Cooperación Galega.

AX 21	Ter en conta o futuro Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia de Galicia no marco de promover a participación da infancia e a adolescencia	<b>Estimada</b>	O V Plan Director promoverá a coordinación con outras iniciativas autonómicas no eido da infancia e adolescencia.
<b>Apartado 8. Xeración de incentivos a través das convocatorias de axudas</b>			
CD 9	A axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizarase a través de convocatorias públicas nun rango do 80-85%, quedando o 15-20% restante a disposición da súa canalización a través de convenios.	<b>Desestimada</b>	Manterase a distribución proposta inicialmente no Documento Marco nun horizonte de progresivo aumento dos recursos orzamentarios e co fin de posibilitar unha cooperación directa con maior alcance e impacto.
<b>Apartado 9. Marco instrumental da Cooperación Galega</b>			
CD 10	Engadir unha convocatoria de fortalecemento da sociedade civil. Queremos que se poña en marcha unha liña específica para o fortalecemento de ONGD como a que existía no pasado, previa revisión e adaptación á realidade actual.	<b>Desestimada</b>	As convocatorias públicas inclúen a posibilidade de fortalecer ás entidades solicitantes mediante o financiamento de actividades de formación e capacitación, a contratación de persoal especializado, a dotación de estratexias e plans específicos organizativos, etc.
AX 22	Poñer en marcha un programa dende Galicia para apoiar ás defensoras dos dereitos humanos.	<b>Contemplada</b>	O V Plan Director continuará a apoiar ás defensoras dos dereitos humanos en canto colectivo prioritario e introducirá un ámbito estratéxico específico neste eido.
AX 23	Reducir a burocratización dos procesos de financiamento e a rixidez dos procedementos mediante un diálogo entre a DXRREE e UE e os axentes.	<b>Contemplada</b>	A Cooperación Galega fomenta o diálogo cos axentes de cooperación para a mellora das bases de convocatorias e formularios. A Lei 10/2021 de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación, por outra banda, ten xerado unha normativa adaptada ás especificidades da cooperación para o desenvolvemento.
AX 24	Seguir flexibilizando a normativa de presentación e xustificación dos proxectos e eliminar a obriga de ligar a execución das anualidades á do ano fiscal.	<b>Contemplada parcialmente</b>	A Cooperación Galega fomenta o diálogo cos axentes de cooperación para a mellora das bases de convocatorias e formularios. A Lei 10/2021 de 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación, por outra banda, ten xerado unha normativa adaptada ás especificidades da cooperación para o desenvolvemento.
AX 25	Un indicador referido ao % de canalización a través de convocatoria no eido da Axuda Humanitaria, no anterior plan establecíase que "Como mínimo un	<b>Desestimada</b>	As características específicas dos desembolsos en Acción Humanitaria de cara a permitir unha maior operatividade na resposta ás

	50% da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalizariase por medio de convocatoria pública" indicador que desaparece neste plan		emerxencias, fan que este indicador sexa prescindible.
AX 26	O novo Plan Director debe manter as porcentaxes de canalización de axudas a través de convocatorias públicas en concorrencia e a través de entidades da sociedade civil.	<b>Contemplada</b>	O V Plan Director fomentará a concorrencia competitiva e aumentará as convocatorias en concorrencia competitiva.
AX 27	Aumentar o promedio de financiamento para as intervencións individuais no eido da cooperación e da EdCG.	<b>Contemplada</b>	O V Plan Director introducirá os programas de cooperación e educación para a cidadanía global que incrementarán o promedio de financiamento para as intervencións individuais.
AX 28	Maior aposta pola EdCG a través do aumento do 15% do orzamento anual a esta convocatoria, posibilidade de incorporar financiamento de gastos inventariables.	<b>Desestimada</b>	A Educación para a Cidadanía Global será o destino de como mínimo o 15 % do total da AOD desembolsable. Os gastos inventariables non poderán ser financiados.
<b>II. Proposta de marco de resultados do V Plan Director</b>			
CD 11	Modificar a redacción do indicador 5.3.1: "Nº de actividades de fortalecemento, formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento".	<b>Estimada</b>	Integrouse no Documento Marco na redacción do indicador 5.3.1.
AX 29	Indicadores RX 3. 3.1.1. O 70-75 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento. 3.1.2. O 15-20 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.	<b>Desestimada</b>	A distribución suxerida no Documento Marco baséase na especialización dos axentes galegos de cooperación e nas capacidades de xestión da Cooperación Galega.
AX 30	Finalmente, la ayuda humanitaria debe responder a criterios de necesidad y vulnerabilidad. Sugerimos por tanto desvincular la acción humanitaria de las prioridades geográficas, reduciendo por tanto el porcentaje total de concentración de la AOD gallega en los 11 países prioritarios (90%), o especificando de manera evidente que ese porcentaje del 90% atañe	<b>Desestimada</b>	A redacción dos indicadores xa establece de forma precisa que a concentración xeográfica da axuda en países prioritarios unicamente se refire ao eido da cooperación para o desenvolvemento.



	únicamente a los ámbitos estratégicos relacionados con la cooperación al desarrollo (del 1 al 5)		
--	--	--	--





### 3. Resume do resultado de decisión

Decisión	Total	%
Estimada	13	32 %
Estimada parcialmente	3	7 %
Contemplada	10	24 %
Contemplada parcialmente	1	3 %
Desestimada	10	24 %
Pendente	4	10 %
<b>Total</b>	<b>41</b>	<b>100 %</b>

